



FEDERACIÓN PROVINCIAL  
DE COFRADÍAS DE PESCADORES  
DE A CORUÑA

L/ Muelle, s/n.  
15970 PORTO DO SON (A Coruña)  
CIF: V-15041114

e-mail: fpcpcoruna@telefonica.net  
Tel.: 981 767 321  
Fax: 981 767 567

FEDERACION PROVINCIAL DE  
COFRADIAS DE PESCADORES DE A CORUÑA

12 JUN. 2015

SAÍDA DE DOCUMENTOS

Núm

875

**FAX**

---

DE : SR. PRESIDENTE DE LA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

---

PARA : SR/A PATRÓN/A MAYOR DE LA COFRADÍA DE PESCADORES

---

FECHA: 12/06/2015

FAX Nº

---

ASUNTO : PLAN DE GESTIÓN DE NÉCORA-CAMARÓN PARA 2015-2017

---

## TEXTO

Adjunto tengo a bien enviarle copia de la Resolución de la Consellería do Medio Rural e do Mar de 11 de junio de 2015, mediante la cual se aprueba del Plan de Gestión de la Nécora-Camarón para 2015-2017.

Lo que comunico para su conocimiento y traslado a los interesados.

Saludos cordiales.



EL PRESIDENTE

Fdo/M. Daniel Formoso Moledo

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 - Fax 981 544 740

## RESOLUCIÓN DO 11 DE XUÑO DE 2015, POLA QUE SE APROBA O PLAN EXPERIMENTAL PARA A XESTIÓN DA NÉCORA E DO CAMARÓN COA ARTE DE NASA NÉCORA E CAMARÓN 2015-2017.

### Feitos.-

A nécora (*Necora puber* (Linnaeus, 1767)) é un crustáceo decápodo que constitúe unha das especies de maior valor comercial da flota artesanal de Galicia. As descargas anuais de nécora nos portos desta Comunidade pola flota galega de artes menores oscilaron na serie histórica 2004-2014, entre os valores máximos do ano 2005, 129,5 toneladas, e os mínimos de 2013 que acadaron as 94,4 toneladas, cun pequeno incremento no 2014, cando acadou un valor de 98,2 toneladas.

Esta especie viven en fondos rochosos, dende o nivel infralitoral ata 70 m de profundidade podendo atoparse tamén en fondos de area e de lama, especialmente nos fondos situados baixo os polígonos de bateas.

En canto ao ciclo reprodutivo, é entre xaneiro e abril cando se producen os máximos de femias ovadas, observándose un segundo período aínda que de menor intensidade a principios do verán.

A nécora pescase fundamentalmente coa arte nasa de nécora e camarón que se emprega durante a noite, tanto dentro como fora das rías. Realízanse na zona rochosa do litoral ata uns 50 m de profundidade, concentrándose nos primeiros 20 m, e na parte externa e media das rías nas zonas de bateas dedicadas ó cultivo do mexillón. En menor medida pescase con bou de man e de vara na zona media-externa das rías con horario diúrno.

A pesca de nécora e do camarón está regulada polo Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e polos plans de explotación vixentes. No mesmo establécese a unificación das nasas de nécora e camarón, ao



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

ter as mesmas características e empregarse habitualmente para a captura indistinta das dúas especies.

Por todo iso, cómpre unificar toda a normativa nun só plan experimental para a xestión da nécora e do camarón, ao que se engaden as propostas do sector.

Solicitáronse os informes técnicos correspondentes.

#### Base legal.-

A arte de *nasa para nécora e camarón* ven regulada no Capítulo IV, sección primeira, subsección primeira, nos artigos 126 ao 129 (inclusive) do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro.

O artigo 128 do citado Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, regula que o lance da nasa de nécora e camarón será nocturno e que a actividade desenvolverase desde dúas horas antes do ocaso do domingo ata dúas horas despois do orto do venres.

Non obstante, naquelas zonas onde non haxa polbo (*Octopus vulgaris*), a consellería competente en materia de marisqueo poderá autorizar o calamento diúrno, desde dúas horas antes do orto do luns ata dúas horas despois do ocaso do venres.

Na disposición transitoria terceira do mencionado Decreto, especifica que *os plans experimentais referidos no artigo 3º.3 deste decreto manteñen a regulación prevista no artigo 3º bis do Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, aprobado polo Decreto 424/1993, do 17 de decembro, ata que non se aprobe a norma que o substitúa.*

O artigo 3.2 do Decreto 198/2004, do 29 de xullo, que modifica o Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, establece que a Consellería de Pesca poderá con carácter experimental e temporal, aprobar plans de pesca co obxecto de estudar os efectos derivados da utilización de novas artes e aparellos, ou da modificación da regulación dos definidos neste regulamento, cara á unha mellor xestión dos recursos pesqueiros.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

Tendo en conta o anterior,

### RESOLVO:

**Autorizar** o seguinte plan experimental para a xestión da pesca da nécora con *nasa para nécora e camarón* en augas competencia da comunidade autónoma galega, que deberá axustarse ás seguintes condicións:

**1.- Participantes:** Participarán no plan as embarcacións con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan autorizado o uso da arte de *nasa nécora e camarón*.

**2.- Arte:** A arte a utilizar será a *nasa para nécora e camarón*, segundo a descrición establecida no artigo 126 do devandito Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro.

Terase en conta o establecido no apartado e) -características técnicas da estrutura-, que di: *Durante a veda da nécora, a boca de entrada non poderá exceder de 50 milímetros no seu diámetro maior.*

O número máximo de nasas para nécora e camarón permitido estará en función do tamaño da embarcación e do número de tripulantes enrolados e a bordo, que queda establecido do seguinte xeito:

- a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 75 nasas por embarcación máis 75 nasas por tripulante, ata un máximo de 225 nasas.
- b) Embarcación tipo III: máximo de 125 nasas por embarcación máis 75 nasas por tripulante, ata un máximo de 350 nasas.
- c) Embarcacións tipo IV e V: máximo de 200 nasas por embarcación máis 75 nasas por tripulante, ata un máximo de 450 nasas.
- d) Embarcacións tipo VI e VII: máximo de 250 nasas por embarcación máis 75 nasas por tripulante, ata un máximo de 550 nasas.

En relación aos topes máximos de nasas establecidos na presente Resolución, en calquera caso é responsabilidade do armador respectar as limitacións no número



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

de nasas establecidas nos certificados de seguridade emitidos polas Capitanías Marítimas.

**3.- Vixencia do plan:** A época de vixencia do presente Plan abrangue dende o 1 de xullo de 2015 ata o 30 de xuño de 2017.

**4.- Período de veda:** O período de veda para a *nécora*, no presente ano 2015, é o establecido na Orde do 22 de decembro de 2014, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2015. Para os anos 2016 e 2017, os períodos de veda serán os que se establezan nas correspondentes ordes polas que se aproben os respectivos plans xerais de explotacións marisqueiras para os anos 2016 e 2017.

**5.- Horario:** O lance da nasa de *nécora* e camarón será **nocturno**. A actividade poderá desenvolverse:

**Modalidade A).**- Desde dúas horas antes do ocaso do domingo ata dúas horas despois do orto do venres.

**Modalidade B).**- Desde dúas horas antes do ocaso do luns ata dúas horas despois do orto do sábado.

**Modalidade C).**- Non obstante o anterior, nas rías de Arousa e Vigo, por dentro do anexo V, o calamento poderá ser **diúrno** desde dúas horas antes do orto do luns ata dúas horas despois do ocaso do venres. As embarcacións despachadas nesta modalidade C non poderán capturar polbo, de conformidade con establecido no artigo 128 punto 2 do devandito Decreto 15/2011.

Os horarios nocturno e diúrno serán excluíntes entre si.

As nasas de *nécora* e camarón deberán ser levantadas e levadas a porto diariamente, unha vez cumprido o horario de traballo.

**6.- Especies:** As especies obxecto de captura serán a *nécora* –tendo en conta e respectando sempre os períodos de veda vixentes- e o *camarón*. As especies de



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

peixes e crustáceos acompañantes deben estar en época de extracción e superar a talla mínima.

De xeito xeral, queda expresamente **prohibida** a captura do polbo por dentro das liñas de referencia do Anexo III establecidas no devandito Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, con calquera arte, incluída a pesca recreativa. Non obstante, autorizarase o pase e o transporte polo Anexo III con exemplares de polbo capturados fóra desde Anexo.

Nas demais zonas non se poderá superar o 10% do tope máximo establecido no Plan experimental para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa para a campaña 2015-2016 (35 kg) por embarcación e día como especie accesoria.

**7.- Balizamento:** Os extremos ou cabeceiras de cada unha das caceas que se manteñan caladas deberán ser balizadas e identificarse axeitadamente indicando de forma clara e visible a matrícula e o folio da embarcación, así como a letra «N». Para estas balizas, a consellería competente en materia de pesca proporcionará **etiquetas con chip RFID** integrado para o seu uso no medio mariño. A Consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas con chip.

Ademais, todas as nasas deberán levar visible unha **etiqueta codificada e seriada** entregada pola consellería competente en materia de pesca. A Consellería ditará as instrucións precisas para a colocación e control destas etiquetas.

**8.- Puntos de control e venda:** Zonas de pesca, portos, centros de descarga, lonxas e centros de venda autorizados.

**9.- Control e seguimento da actividade pesqueira:**

a) **Despachos telemáticos.-** Deberán despachar as embarcacións no apartado de adhesión a plan de explotación: ["Nasa nécora e camarón (15K) Plan Experimental Xestión Nécora+Camaron –Nocturno- 2015-2017 MODALIDADE A (2 horas antes do ocaso do domingo ata 2 horas despois do orto do venres)"].



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdifícios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

["Nasa nécora e camarón (15K) Plan Experimental Xestión Nécora+Camarón 2015-2017 -**Nocturno**- MODALIDADE B (2 horas antes do ocaso do luns ata 2 horas despois do orto do sábado)"].

["Nasa nécora e camarón (15K) Plan Experimental Xestión Nécora+Camarón 2015-2017 -**Diúrno**- MODALIDADE C (Ría de Vigo e Ría de Arousa)"].

As embarcacións que soliciten un cambio temporal de modalidade, só poderán despachar á **modalidade A**, realizándose de oficio o despacho correspondente.

Unha vez realizado o despacho para a nasa nécora e camarón nunha destas modalidades, non se poderá despachar a ningunha das outras modalidades para esta arte, polo menos na mesma semana.

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasará á situación de "*pendente rexistro actividade*".

**b) Mostraxes.-** Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. **A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.**

**10.- Extracción e comercialización:** O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

**11.- Comisión de seguimento:** Créase a Comisión de seguimento do Plan experimental para a xestión da nécora e do camarón que se reunirá cunha periodicidade mínima trimestral e estará composto por:

- O subdirector xeral de Gardacostas, que será o seu presidente.
- O subdirector xeral de Pesca e Mercados da Pesca.
- O xefe do Servizo de Pesca, que será o seu secretario.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral do MarEdificios Administrativos San Caetano, s/n.  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

- O presidente da Federación Galega de Confrarías ou persoa en quen delegue.
- O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de A Coruña ou persoa en quen delegue.
- O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo ou persoa en quen delegue.
- O presidente da Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra ou persoa en quen delegue.
- O coordinador do Plan experimental para a xestión da nécora e do camarón con nasa.
- Nas reunións cada un dos seus membros poderán propoñer ata un máximo de dúas persoas para asistir á mesma, con voz pero sen voto.

Entre as súas funcións, a Comisión poderá propoñer cambios temporais deste Plan cando se produzan situacións excepcionais.

**12.- Infraccións e sancións:** O incumprimento das condicións establecidas neste plan, poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A conselleira do Medio Rural e do Mar

Rosa Mª Quintana Carballo

